

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TOÉN PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, responsabilizarase de cantas accións teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestrutura, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

A Consellería, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, determinará as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuir a fixar poboación.

- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

Os plans anuais de infraestruturas rurais contemplan actuacións a través da sinatura de convenios con determinados concellos.

A Consellería do Medio Rural formalizou co Concello de Toén o convenio de colaboración para a execución da obra denominada: **"Pavimentación de rúa Real en Moreiras"**, convenio que entrou en vigor o día 3 de xuño de 2025, data da súa sinatura:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Servizo de Seguimento e Supervisión de Proxectos
Edificio Administrativo N.º 4 San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544766
supervision-proxectos.mr@xunta.gal





De acordo coa cláusula terceira do convenio, o financiamento do importe máximo desta obra ascende á contía de 48.000,00 € con cargo a fondos propios libres da aplicación orzamentaria 15.06.551A.604.1 para a anualidade 2025.

O 16-07-2025 formalizouse contrato coa empresa CONSTRUCCIONES Y ALMACENES VISO E HIJOS, SL para a execución do proxecto de referencia por un importe de 47.940,20 € e un prazo de execución de 4 meses.

O 05-08-2025 asinouse Acta de comprobación do replanteo que resultou negativa por estar pendente da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, solicitándose unha suspensión *sine die*, resolta favorablemente mediante resolución de data 13-08-2025. Con data 24-10-2025 díctase resolución da dirección xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) favorable, autorizándose a realización da obra e asinándose Acta de inicio das obras con data 14-11-2025

Debido á tardanza da resolución da DXPC e ás adversas condicións metereolóxicas actuais é imposible, na opinión da dirección facultativa, rematar a obra no ano 2025, facéndose necesario un reaxuste de anualidades. Con data 04-12-2025 preséntase un informe de David Fernández Ojea, director dos traballos, solicitando a detracción do orzamento consignado para 2025 e a súa contracción na anualidade 2026.

A cláusula sétima do convenio establece que este permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega. De acordo coa cláusula novena as modificacións do Convenio formalizaranse mediante *addenda*.

Visto o anterior faise necesaria a sinatura dunha *addenda* ao convenio asinado no sentido de modificar as cláusulas segunda e terceira co obxecto de reaxustar as anualidades e trasladar o seu importe ao exercicio 2026.

E para que conste, asino a presente memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Desenvolvemento Rural

M.^a Paz Rodríguez Rivera

